



**BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO  
DO PEREIRO DE AGUIAR**

(Ao abeiro da ORDE do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do **Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021**, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia)

**Sistema selectivo: OPOSICIÓN  
(Categoría profesional: Peón forestal)**

**1º.- OBXECTO.**

Estas bases teñen como finalidade o establecemento do sistema, procedemento e baremos das probas que se aplicarán na selección de persoal laboral temporal para cubrir **4 prazas de peón forestal** con carné de conducir a tempo completo durante **catro meses**, para o proxecto denominado "Brigada de protección e mantemento de espazos naturais".

Esta contratación estará subvencionada pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ao abeiro da ORDE do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 15 do luns 25 de xaneiro de 2021).

As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar no taboleiro de anuncios do Concello do Pereiro de Aguiar e na súa páxina web ([www.concelloperreiro.com](http://www.concelloperreiro.com)).

**2º.- TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.**

O contrato de traballo será de persoal laboral temporal, na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado a tempo completo.

A duración do contrato será de **catro meses**, segundo a subvención concedida pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, por importe total de 14.929,78 €, para o proxecto denominado "Brigada de protección e mantemento de espazos naturais", dentro da liña de subvencións contemplada no artigo 3.1.b), subvencións de natureza competitiva, segundo o detalle que se indica a continuación:

ORZAMENTO TOTAL: 29.859,56 €

-Orzamento gastos de funcionamento: 29.859,56 €

-Orzamento investimentos: €

IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN: 14.929,78 €

-Importe subvención para gastos de funcionamento: 14.929,78 €

-Importe subvención para investimentos: 0,00 €

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, en réxime de dedicación a tempo completo.





As retribucións mensuais brutas a percibir segundo a categoría do posto de traballo (incluída a parte proporcional das pagas extras) serán as seguintes:

<b>PERSOAL FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL</b>	<b>GRUPO PROFESIONAL</b>	<b>TIPO XORNADA %</b>	<b>RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1)</b>
<b>Peón forestal</b>	V	100,00%	1.322,40
<b>TOTAIS</b>			<b>1.322,40 €</b>

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente.

O horario de traballo virá determinado polo establecido no Convenio Colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32/100122012017 (B.O.P. núm. 242 do 20.10.2017).

As funcións serán as propias dun peón forestal con carné de conducir: "Brigada de protección e mantemento de espazos naturais" con diversa maquinaria e/ou tractor rozadora.

### 3º.- REQUISITOS E CONDICIÓNES ESIXIDOS ÓS/ÁS CANDIDATOS/AS.

- Idade:** Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión do **permiso de conducir** clase B.
- Titulación esixida:** Certificado de escolaridade.
- Nacionalidade:** Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o preveña o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

- Capacidade:** Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os/as aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.





- f) **Habilitación:** Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso a función pública.
- g) **Incompatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- h) **Acreditar o ingreso** da cantidade fixada como dereitos de exame xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

Todos os requisitos deberán estar en posesión do solicitante o día que remate o prazo de presentación de solicitudes, de acordo co previsto no artigo 18.2 do R.D. 364/1995, do 10 de marzo.

#### 4º.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1. As instancias solicitando formar parte da presente convocatoria presentaranse no modelo oficial facilitado polo Concello do Pereiro de Aguiar, no Rexistro Xeral do Concello, de acordo co preceptuado no artigo 16 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común, durante o prazo de **CINCO DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do Anuncio da convocatoria no Bop de Ourense, na páxina web e no Taboleiro de Anuncios do concello, sendo o horario de presentación da documentación o seguinte:

- de luns a venres: de 08:30 a 15:00 horas.

De non presentarse as solicitudes no Rexistro Xeral é aconsellable que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan por fax ao concello (nº 988259395), a comunicación da presentación da solicitude por algún dos medios previstos no referido artigo 16 da Lei 39/2015.

2. O modelo de solicitude figura como Anexo I das presentes bases. As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación indicada no artigo 6 das mesmas.

Todos os anuncios sucesivos serán publicados, exclusivamente, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web deste concello.

#### 5º.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Os/as aspirantes deberán achegar, xunto coa solicitude, e con carácter obrigatorio os seguintes documentos:

- Fotocopia cotexada do DNI ou documento equivalente para xustificar a personalidade.
- Fotocopia cotexada do título ou título esixido (artigo 3º).
- Fotocopia cotexada do carné de conducir en vigor – B (artigo 3º).
- Acreditación do coñecemento da lingua galega (Celga 2).
- Declaración xurada, cuxo modelo figura como Anexo II das presentes bases.
- Xustificante do pago da taxa por dereitos de exame para a participación en probas selectivas ao emprego público municipal (Ordenanza fiscal publicada no BOP nº 288 do 17-12-2014), de acordo co seguinte detalle:

“- Tarifa sexta.- Persoal laboral temporal e funcionarios interinos: 10,00 €.”

O pago da taxa realizarase mediante ingreso en efectivo na conta bancaria de titularidade municipal seguinte:

**ES92 2080 5326 9530 4000 9033**

En ningún caso, a mera presentación da acreditación do pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude de participación en tempo e forma.

A falta de pago da taxa no prazo sinalado anteriormente (artigo 3º), determinará a exclusión do/a aspirante ás probas selectivas.





Non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ó/á interesado/a.

## **6º.- ADMISIÓNS. RECLAMACIÓNS. SUBSANACIÓN OU EMENDA DE ERROS.**

### **I. Admisión de Aspirantes.**

Rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde ditará Resolución coa lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión.

### **II. Reclamacións. Subsanación ou emenda de erros.**

1. Publicadas as listas de aspirantes provisionais no Taboleiro de Anuncios e na páxina web deste concello, os/as aspirantes poderán presentar reclamacións ás mesmas, en todo caso por escrito, constando a descrición precisa da reclamación e achegando a documentación en que se fundamente.
2. As reclamacións deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes.
3. Non caben reclamacións para a falta de documentación non achegada no seu momento.
4. Dada a urxencia das contratacións o prazo de presentación de reclamacións será de **dous días hábiles** a partir do día seguinte á publicación da lista de aspirantes provisionais no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello do Pereiro de Aguiar.
5. Rematado o prazo de reclamación e/ou de emenda de erros, o Sr. Alcalde ditará unha resolución aprobando a listaxe de admitidos e excluídos definitiva, fixando a data da celebración da proba selectiva e da proba de galego, de ser o caso, que se publicará no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello.

No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora das probas selectivas, publicarase no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello.

No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos/as (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web: da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

## **7º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores, non poderán formar parte dos órganos de selección.





O tribunal cualificador estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais, cos/coas seus/súas correspondentes suplentes. Ao abeiro do artigo 59.4 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, as persoas membros dos órganos de selección, á excepción do Secretario/a, deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

A composición do Tribunal Cualificador determinarase na Resolución de Alcaldía de aprobación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ó proceso selectivo.

Os integrantes do Tribunal Cualificador deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O Tribunal Cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan indistintamente titulares ou suplentes. En todo caso, será necesario a presenza do presidente e do secretario ou de quen os substitúan.

O Tribunal Cualificador resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. Igualmente poderán requirir a asistencia de colaboradores/as que actuarán sen voz e sen voto durante o proceso de selección para realizar tarefas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

As resolucións do Tribunal Cualificador vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

Os efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

## **8º.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.**

O sistema de selección dos aspirantes será o de **oposición**.

FASE DE OPOSICIÓN. Valorarase ata un **máximo de 10 puntos**.

Proba de coñecementos.- Valorarase ata un máximo de 10 puntos, e estará integrada por un exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar a un máximo de 20 preguntas tipo test con respostas alternativas que preparará o Tribunal Cualificador antes da celebración do exercicio, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario que se acompaña.

O tempo máximo para este exercicio determinarao o Tribunal Cualificador.

Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 10 puntos, necesitando un mínimo de 5 puntos para aprobar.

As respostas non contestadas non terán valoración.





As respostas erróneas non penalizan.

TEMARIO

Tema 1. Materiais, útiles e ferramentas utilizadas polos peóns forestais. Maquinaria e ferramenta.

Tema 2. Repoboacións forestais. Silvicultura. Prevención de incendios forestais.

Tema 3. Prevención de riscos laborais relacionados co posto de traballo.

Tema 4. Primeiros auxilios.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

**9º.- REQUISITOS LINGÜÍSTICOS. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

O artigo 35 da Lei 2/2009, do 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente..."

O artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón igualmente a realización dun exame de galego, para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia.

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

**Este exercicio cualificarase de apto/non apto e terá carácter **obligatorio e eliminatorio**.**

PROBA DE COÑECEMENTO DO GALEGO

Consistirá en traducir un texto do castelán ao galego, para aqueles candidatos/as que non acrediten o CELGA 2.

**10º.- CUALIFICACIÓN FINAL. PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR. RELACIÓN DOS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS.**

Finalizado o procedemento selectivo e establecido polo Tribunal Cualificador a orde de preferencia, publicarase a listaxe das persoas seleccionadas no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web ([www.concelloperreiro.com](http://www.concelloperreiro.com)), non podendo declarar que foron seleccionados/as un número maior de aspirantes que postos de traballo convocados.

A partir do día seguinte á publicación no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello do Pereiro de Aguiar, os/as aspirantes disporán dun prazo de **2 días hábiles** para alegar contra dita baremación, fundamentándoa nos aspectos que considere oportunos.

Transcorrido este prazo, o Tribunal Cualificador, elevará a definitiva a baremación, e formulará proposta da persoa seleccionada que obtivese unha maior puntuación total no proceso selectivo, para





que a Alcaldía, cando estime oportuno, dite resolución de contratación, cando as necesidades do concello así o requiran e creación dunha bolsa de reserva.

No caso de que exista empate entre dous o máis aspirantes na puntuación de oposición, escollerase aquel/es que leven máis tempo en situación de desemprego.

Se despois do anterior persiste o empate escollerase entre aqueles que teñan máis cargas familiares.

De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados/as.

A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello.

## **11º.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.**

### **I. APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.(ANEXO II)
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social
- Certificado do número de conta bancaria (IBAN)

### **II. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS**

A modalidade contractual será a dun contrato laboral temporal, por obra ou servizo determinado e a tempo completo, regulado polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, co período de proba legalmente establecido.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente.

## **12º.- LISTAXE DE RESERVA.**

Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas que superaron o dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia durante o período da contratación subvencionada pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ao abeiro da ORDE do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 15 do luns 25 de xaneiro de 2021).

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado e outras circunstancias análogas que se poidan producir.





### 13º.- LEXISLACIÓN.

No non previsto nestas bases, será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia
- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada
- Orde APU/1461/2002, do 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común de las Administracións Públicas.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público
- Convenio Colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32/100/122012017 (B.O.P. núm. 242 do 20.10.2017).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- ORDE do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 15 do luns 25 de xaneiro de 2021).

### 14.- PROTECCIÓN DE DATOS.

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de







## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

protección de datos de carácter persoal e o seu RGD.

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo Concello do Pereiro de Aguiar, con sede na Praza do Concello, núm. 1, 32710 O Pereiro de Aguiar (Ourense), onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

### 15º.- CARÁCTER VINCULANTES DAS BASES.

As presentes Bases desta convocatoria vinculan ó Concello, ós tribunais cualificadores e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

### 16º.- INCIDENCIAS.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

### 17º.- DISPOSICIÓN FINAL E RECURSOS.

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)).

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O alcalde,  
Luis Menor Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**



Cod. Validación: MXDNJPOC2PFTFJ94ESND5FFKC | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 12



**ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA.**

**A) DATOS DO SOLICITANTE.**

<b>NOME E APELIDOS:</b>			
<b>NIF / NIE:</b>		<b>NACIONALIDADE:</b>	
<b>DOMICILIO NOTIFICACIÓNS:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>CÓDIGO POSTAL:</b>	
<b>PROVINCIA:</b>			
<b>TELÉFONO:</b>		<b>TELÉFONO MÓBIL:</b>	
<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>			

**EXPÓN:** Que informado da convocatoria efectuada polo Concello do Pereiro de Aguiar para a selección de persoal laboral temporal, por oposición, para o proxecto denominado “Brigada de protección e mantemento de espazos ambientais”, conforme aos supostos previstos no artigo 15.1 do vixente Estatuto dos Traballadores.

**SOLICITA:** Que sexa admitido/a a tomar parte no procedemento, comprometéndose a someterse ás bases que o regulan.

**PRAZA SOLICITADA:**

€ Peón forestal.

**AUTORIZA:** Ao Concello do Pereiro de Aguiar para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

**LUGAR, DATA E FIRMA.**

No Pereiro de Aguiar, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo.: \_\_\_\_\_.





**SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR.**

En cumprimento da LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGD, se lle informa que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro, titularidade do Concello do Pereiro de Aguiar, coa finalidade de xestionar todo o relacionado co expediente tramitado.

**ANEXO II.- DECLARACIÓN XURADA.**

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, co  
DNI \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificación en  
\_\_\_\_\_.

**DECLARA**

baixo xuramento ou promete:

- non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas,
- non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta e
- non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;
- no caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

No Pereiro de Aguiar, a de

de 2021

O/A solicitante,

Asdo: \_\_\_\_\_.





**CONCELLO  
O PEREIRO DE AGUIAR**

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR



Cod. Validación: MXDNJPOC2PFTFJ94ESND5FFKC | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12